

A Fundación Galicia Europa convoca axudas para titulados universitarios que obteñan prácticas non remuneradas nunha institución da Unión Europea durante o ano 2010.

Convócanse dezoito mensualidades de bolsa para financiar períodos de prácticas non remunerados nas institucións comunitarias durante o ano 2010.

Datas

O goce das mensualidades deberá ter lugar ao longo do ano 2010.

Lugar de goce

Dada a natureza das bolsas, estas poderán gozarse no lugar da sede da institución de que se trate.

Requisitos

- Posuír o compromiso escrito da correspondente institución da Unión Europea no que se acepte a solicitude da persoa candidata para a realización dunha estancia non remunerada.
- Posuír a nacionalidade dalgún dos estados membros da Unión Europea.
- Ter nacido en Galicia, ser fillo/a de galegos ou ter residencia en Galicia desde antes do 31.12.2007.
- Non ter gozado, en convocatorias anteriores, de cinco mensualidades de bolsa para as mesmas prácticas non remuneradas.

Duración

Financiaranse un máximo de cinco meses para cada período de prácticas.

Contía

A contía da bolsa será de 900 euros por mes en concepto de aloxamento e manutención. Os gastos de transporte e seguros correrán por conta das persoas adxudicatarias da bolsa.

Presentación de solicitudes

As solicitudes serán remitidas por correo certificado con acuse de recibo ou presentadas no rexistro da Fundación Galicia Europa (R/ Feáns, 3C baixo, 15706 Santiago de Compostela, ou Rue de la Loi 38, 2.º, 1040 Bruxelles), antes do 31 de outubro de 2010.

Para máis información podes consultar a páxina web da Fundación Galicia Europa:

http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/tipo2_ver.asp?idSeccion=8&idTema=157&idNoticia=139